

Bos Aires, 10-10-1964.

Señor Don Valentí Paz Andrade
Policarpo Sanz, 22-20-
Vigo GALICIA .

Meu lembrado amigo:

Coas angurias das presentes datas, cuílas lembranzas en-
dexamais poderei esquecer, escriboche estas liñas contestando a tua garie
mosa carta que moño agradecín. Retribuío os desexos de felicidade pra o
recén nado 1964, desexando eu tamén, que todo a vosa vida siga en marcha
ascendente como deica agora.

Non podo negarche amigo Valentín, que foi un íntre extremadamente crú, o
ter que deixar de novo a TERRA, o fillo inesquecente, familiares e vellos
amigos. Despois de unha ausencia de tantos anos como caeron enriba d-un,
a laboura de refacer o ánimo pra superar o alcance de isa despedida que
pode ser a derradeira, non é demasiado fácil, como tampouco e door d-un
día, cando se volve a soedade despois de gostar de novo a quentura fami-
liar.. A xenerosidade de istos impagables amigos que ti coñeces ben, po-
ñen a meu alcance toda a sua bondade pra que eu me sinta feliz, pero aínda
cisi, e queréndollo tanto a este Bos Aires que me dou tantas satisfaccións
e decors arreo, meu corazón e meu espritu están na GALICIA que El tanto
amou, vivindo de cote co corazón apretado..

Respecto ao que me dis de Alvaro, en torno a recuperación iniciada por il
en Pontevedra, direicho que nada sei, e que dadas as probas de fidel amis-
tade que de él teño recibidas, e das suas grandes bondades pra conmigo, es-
tou bastante intrinada co seu silencio, cando sabe que se trata d-un asunto
de vital importancia para min. El saberá o porqué de tanta reserva, i
eu confiada nas suas sempre eficaces e boas intencións, non me queda máis
que saber esperar... O pior son os anos que non se para. ? Comprendes ?
O vrán eiquí fíxose desear, pero agora chegou en firme e temos días que
casi non se pode respirar. Eu pasando este mes de Xaneiro que me ten ator-
mentada, penso desplazarme a Mar del Plata onde sempre paso unha temporada
que me "despexa o sentido". Ali n-un chalet que está pretiño da máis linda
e tranquila praia do meu ver, descanzo soñando que estou por ALA. ? Que
tal a vosa invernia ? Ogalá que sea un pouco máis benigna que a do ano
pasado.

? Como anda Pilarina ? Dille da miña parte, que non perda a "costume" de es-
cribir tanto e tan longo.... Pra ela, Alfonsiño e máis ti, vai unha estre-
ta aperta de esta amiga que sempre os lembra con agarimo

Pilarina

*Vinda que ora en pouco
"preguiceros" para escritos
pregúche que facas un
esfuerzo cando sepas algo das
Xentrens de Alvaro. Gracias*